



## ACTITUDES DE XÉNERO EN ALUMNADO DA E.S.O.

Rosa SANTORUM PAZ

Ana PORTO RIOBOO

Alfonso BARCA LOZANO

Departamento de Psicología Evolutiva e da Educación.  
Universidade da Coruña.

### RESUME

Neste estudio, a través dunha adaptación do *Inventario de Actitudes de Xénero (XAI)* de R.D. Ashmore, F.K. del Boca e S.M. Bider (1995) pretendeuse avaliar, en primeiro lugar, se unha mostra de 842 alumnas e alumnos de educación secundaria de Galicia mantén actitudes de xénero; unha vez realizado a análise factorial do Inventario, estas actitudes de xénero concretáronse en catro ámbitos: a/ liderado político e roles de traballo, b/ valores expresivo-comunais, c/ valores instrumentais-axentes; e, d/ iniciativa e responsabilidade nas relacións de parella e na familia. ¿Quen mantén concepcións estereotipadas de xénero máis tradicionais, os rapaces ou rapazas?; este foi en segundo lugar o noso obxectivo a estudar.

### ABSTRACT

In this research we sought to assess if a sample of 842 Galician pupils of secondary education kept gender attitudes. This was done through an adaptation of the "Gender Attitudes Inventory" by R.D. Ashmore, F.K. Boca and S.M. Bider (1995). Once the factorial analysis had been done, these attitudes of gender were established in four fields: a/ the political leadership and job roles; b/ communal-expressive values; c/ agent-instrumental

values; and, d/ initiative and responsibility in couple relationships and family relationships. Who keeps more traditional stereotyped conceptions of gender, boys or girls? This was our second aim for researching.

### I. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA, OBXECTIVO E HIPÓTESES DE TRABA- LLO

Desde xa fai unhas cantas décadas hai certo consenso en admitir a distinción terminolóxica e conceptual entre "sexo" e "xénero, considerándose que o primeiro abarca os compoñentes biolóxicos, anatómicos así como o intercambio sexual en si mesmo -de tal xeito que patróns de conductas sexuais, identidade sexual, etc. enmárcanse dentro de esta variable-, e que baixo o substantivo xénero agrúpanse tódolos aspectos psicolóxicos, sociais e culturais da femineidade/masculinidade -de aí que a identidade de xénero, roles, estereotipos fundaméntense nesta variable- (Money e Ehrhardt, 1972; Bem, 1981; Katchadourian, 1983; Subirats, 1985; Entwistle, 1990; Sau 1990; Fernández, 1998; Izquierdo, 1998). Esta distinción permitiunos avanzar no coñecemento dos mecanismos subxacentes que explican as diferencias entre as mulleres e os homes.

Ao delimitar conceptualmente o sistema sexo-xénero -concepto acuñado por Rubin (1975) para definir o conxunto de trazos que unha determinada sociedade atribúe aos seus membros en función do sexo biolóxico- habería que ter en conta sen embargo que pode e de feito existe un certo solapamento entre ambos termos xa que os dous implican aspectos biolóxicos, psicolóxicos e sociais, de aí a atribución de dobre realidade ao sexo e xénero feita por Fernández (1991a, 1991b, 2004); o feito de formar parte dunha especie con reprodución sexuada e ser asignados desde o nacemento a un dos grupos sexuais non só fai que se nos clasifique como “nenos ou nenas” senón que tamén repercute no desenvolvemento do xénero (Barberá, 1998, 2004); mediante, segundo Fernández (2004), un “condicionamento circular” o feito de nacer muller ou home estimula uns comportamentos e actitudes paternas e maternas, e estas á súa vez conforman e configuran as condutas dos nenos ou nenas; sen embargo aínda que desde o modelo biopsicosocial a diferenciación sexo/xénero poida resultar problemática pola interacción que se produce entre o biolóxico e o social, estes conceptos sen embargo non son equivalentes ao abordar cada un deles compoñentes relativamente diferenciados (Barberá, 1998, 2004), e polo tanto deberíamos seguir falando de sexo e de xénero.

Tendo en conta as consideracións previas podemos, como ao principio facíamos, dicir que a feminidade-masculinidade fundaméntanse na variable xénero, xa que os modelos sociais do feminino e do masculino, aínda que construídos sobre a base das diferenzas sexuais (Cremades e cols., 1991), non reproducen diferenzas reais entre homes e mulleres; son estereotipos ou suposicións que mantemos sobre diferentes grupos, neste caso definidos pola súa identidade sexual (Bonilla, 2004).

Estes estereotipos de xénero poden ser pois definidos como un sistema compartido de

crenzas estruturadas acerca dos atributos, comportamentos, trazos ou actitudes que se pensa que son propios ou esperables y que polo tanto impoñemos como un cliché aos grupos sexuais de mulleres e de homes (Martin e cols., 1990; Gardner, 1994; Hamilton e Sherman, 1994) ou sobre as características de masculinidade ou feminidade por eles e elas desvoltas (Barberá, 2004). Segundo Neto e cols. (1999) poden conceptuarse a dous niveis: por un lado, como estereotipos de papeis de xénero (que designan as crenzas solidamente compartidas sobre as actividades apropiadas para as mulleres e aos homes) e, por outro lado, como estereotipos de características de xénero (que inclúen os trazos psicolóxicos que diferencialmente atribúense a ambos sexos). Estes mesmos niveis foron definidos por Williams e Best (1990) como estereotipos de rol de xénero e estereotipos de trazos de xénero.

Centrándonos nestes últimos, os estereotipos de trazos de xénero ou de características de xénero, unha das distincións máis tempráns e recorridas foi a de Parsons e Bales (1955) que estenderon a categorización estilo de liderado instrumental/expresivo (conducta dirixida a conseguir metas/manter a harmonía da equipa) ao xénero, relacionando a instrumentalidade co contido da masculinidade e a expresividade co da feminidade (Barberá, 2004). Esta mesma relación entre estereotipos masculinos con valores axente-instrumentais (trazos relacionados coa acción) e estereotipos femininos con trazos comunais ou expresivos (trazos relacionados coa interacción social) non só foi obtida por Rosenkrantz et al. (1968) anos máis tarde senón que, segundo Barberá (2004), diversas investigacións “confirmaron que os contidos axente-instrumentais (M) ou comunais-expresivos (F) preséntanse con características similares en culturas e nacionalidades diferentes”, tanto nas descrições que mulleres e homes fan sobre as/os demais como nas autodescrições.

Nos últimos anos, sen embargo, estase a percibir algún cambio, fundamentalmente nas auto-descricións ou auto-percepcións que homes e mulleres fan –de si mesmos/as -como a maior adscripción por parte das mulleres dos de instrumentalidade (Spence y Hahn, 1997; Twenge, 1997; Spence, 1999, Spence y Buckner, 2000)-, aínda que este cambio non se está a observar nas imaxes interiorizadas ou descrições que se fan dos trazos de masculinidade ou feminidade do varón ou muller prototípico, menos sensibles do que se poida pensar, segundo Barberá (2004), aos cambios sociais ou cambios no autoconcepto de xénero.

Por outra parte, as elaboracións sociais que se fan respecto do máis propicio ou idóneo para cada sexo –un dos piares sobre os que se sustenta o concepto de xénero- abranguen para Fernández Sánchez (2004) no só dimensións de personalidade -suxeitos instrumentais ou expresivos-, senón tamén categorías ou status, e, roles, estereotipos ou asimetrías sociais (distribución de funcións domésticas, políticas salariais diferenciadas, xerarquías laborais en la esfera pública...). É dicir, podemos falar dun modelo factorial (Spence, 1999) ou dunha multicomponencialidade dos estereotipos de xénero (Barberá, 2004), xa que as crenzas estereotipadas de xénero, ademais de factores estables, inclúe outros referidos a roles de xénero, características físicas e destrezas cognitivas (Kite, 2001).

Neste estudo nos centraremos pois basicamente en describir no momento actual o contido dos estereotipos de xénero ou esquemas representacionais a través das suposicións que o alumnado de secundaria de Galicia fai respecto das características compartidas polos grupos de homes e mulleres ou das características de “masculinidade” e “feminidade”; en concreto non so se reproduce nas súas descrições sobre os demais os contidos axentes-instrumentais (M) o comunais-expresivos (F), senón tamén se ten outras crenzas, dispo-

sições, actitudes ou percepcións estereotipadas e se estas presentan algúns cambios respecto doutras épocas e grupos sociais.

Deste obxectivo derivamos a seguinte *hipóteses* de traballo:

1. Afirmamos que o alumnado atribúe actitudes de forma diferencial a mulleres e homes; e
2. Postulamos que os alumnos manteñen concepcións estereotipadas de xénero máis tradicionais que as alumnas en canto á percepción diferencial de habilidades, e actitudes.

## **2. PROCEDEMENTO EMPÍRICO**

### *2.1. DESCRICIÓN DA MOSTRA*

Para a realización deste estudo a mostra total obxecto da investigación foi de 842 alumnos e alumnas; os centros de onde se recolleu a mesma foron das catro provincias galegas; en concreto, na provincia de Pontevedra o alumnado seleccionado para este estudo representa o 40,1% (338), en A Coruña supón un 33,1% (279), en Lugo as alumnas e alumnos que cumprimentaron os cuestionarios constituíu o 21,7% (183), mentres que na provincia de Ourense o alumnado avaliado foi o 5% (42) da nosa mostra.

A distribución da mostra en cuanto á variable curso foi a seguinte: 432 cursaban 2º curso da ESO e 410 era alumnado de 4º da ESO. En relación a la variable sexo a mostra está formada por 412 mulleres y 430 homes (48,9% y 51,1%, respectivamente). Atendendo a ambas variables, en 2º da ESO a porcentaxe de mulleres é do 44,4% (N= 183) e o de homes de 57,9% (N= 249); no curso 4º participaron 229 alumnas e 181 alumnos, representando un 55,6% no primeiro caso e un 42,1% no segundo.

## 2.2. INSTRUMENTOS DE MEDIDA

Para a realización deste estudo utilizamos o Inventario de Actitudes de Xénero (XAI), cuestionario deseñado para coñecer que actitudes ten o alumnado acerca de distintos tópicos relacionados co sistema sexo-xénero: actitudes ante o liderado político, ocupacións profesionais, reaccións interpersoais e trazos de personalidade (exemplo: as mulleres son demasiado emocionais para gobernar). Os 40 ítems que o forman están extraídos do inventario do mesmo nome elaborado por Richard

D. Ashmore, Frances K. Do Boca e Scott M. Bilder (1995); as alternativas de resposta que no cuestionario orixinal se presentan nunha escala de 7 puntos que reflicten distinto grao de desacordo/acordo con cada unha das afirmacións incluídas no inventario nesta tradución/adaptación foron reducidos a 5.

A consistencia interna do XAI, medida a través do coeficiente alpha de cronbach amosou que a escala é altamente fiable ( $\alpha = ,8694$ ) (ver Táboa 1).

**Táboa 1. Fiabilidade do Inventario de Actitudes de Xénero (XAI)**

	Correlacións Ítem-Escala	$\alpha$ se o Item se elimina
1. A iniciativa para saír debe to mala o home	,3941	,8657
2. Moitas oportunidades de promoción ás mulleres	,3606	,8663
3. Centros de coidado infantil prioridade políticos	,1289	,8710
4. Promocionan antes aos homes en moitos traballos	,4092	,8654
5. A prioridade da muller debe ser o coidado da casa e fillos/as	,4509	,8647
6. Mulleres demasiado emocionais para gobernar	,4609	,8647
7. Profesións e negocios máis adecuados para os homes	,4513	,8643
8. Razóns que impiden a unha muller ser Presidenta Xunta	,4407	,8651
9. As mulleres deben asumir papel pasivo na parella	,4123	,8654
10. Os homes son máis competitivos	,4879	,8635
11. O home máis responsable das decisións económicas	,5551	,8625
12. Profesións igualmente accesibles	-,2295	,8765
13. Non é respectable que o home quede na casa	,3206	,8671
14. Os homes están máis seguros do que poden facer	,5270	,8629
15. A responsabilidade do home e o sustento da familia	,5066	,8632
16. É apropiada a división do traballo	,4102	,8654
17. Votaría a unha muller cualificada para presidenta Xunta	-,1984	,8764
18. Xeralmente os homes son máis aventureiros	,5005	,8633
19. O home debe tomar a iniciativa nunha relación	,5036	,8636
20. Os homes teñen moitas calidades indesexables	,3204	,8672
21. O liderado político e moral debe recaer nos homes	,5372	,8632
22. A muller debe prepararse para controlar a discriminación	,2164	,8693
23. Os homes son máis arrogantes	,2466	,8687
24. Os homes son máis independentes	,4574	,8643
25. O traballo fora da casa da muller non debe interferir co da casa	,4007	,8657
26. As mulleres deben deixar ao home a iniciativa nas relacións	,4561	,8646
27. As mulleres son máis amables que os homes	,2376	,8689
28. As mulleres teñen forza creativa e os homes destructiva	,3038	,8675
29. A muller é responsable principal do coidado da casa e fillos/as	,5796	,8620
30. As mulleres son máis serviciais que os homes	,3045	,8675
31. As mulleres tenden a ser máis crédulas	,3973	,8656
32. O traballo de mulleres e homes debe ser diferente	,4868	,8641
33. As mulleres son máis capaces de dicarse a outras persoas	,3073	,8674
34. A maioría das mulleres teñen a culpa de non ter mellor vida	,3526	,8665
35. As mulleres son mellores que os homes	,1847	,8700
36. Os homes son máis egoístas que as mulleres	,2097	,8696
37. Os coidados de fillos e fillas deben ser compartidos	,1334	,8742
38. Por esixencias físicas hai traballos que deben excluír ás mulleres	,3915	,8658
39. Na parella, o home e o que debe tomar a iniciativa nas decisións	,5513	,8630
40. As mulleres tenden a ser máis débiles	,4190	,8651
<b>Nº casos = 668; Alpha = , 8694</b>		

**Táboa 2. Valores propios e porcentaxe da varianza explicada**

FACTORES	Valores Propios	% da Varianza	% Acumulado
<b>I</b>	4,652	11,629	11,629
<b>II</b>	3,425	8,563	20,193
<b>III</b>	3,390	8,475	28,668
<b>IV</b>	2,615	6,538	35,206
<b>V</b>	2,503	6,256	41,462
<b>VI</b>	1,305	3,263	44,725
<b>VII</b>	1,253	3,132	47,857
<b>VIII</b>	1,083	2,708	<b>50,565</b>

**Táboa 3. Análise Factorial del XAI**

	Com.	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
8. Hai moitas razóns polas que unha muller non debería ser presidenta da Xunta de Galicia	,576	<b>,689</b>				,255			
6. As mulleres son demasiado emocionais para ocupar altas posicións no goberno	,569	<b>,614</b>	,201			,315			
4. Hai moitos traballos nos que non se debería contratar ou promocionar antes aos homes que ás mulleres	,467	<b>,599</b>							
5. As mulleres deberían preocuparse máis do coidado da casa e dos fillos e fillas que do seu desenvolvemento profesional	,478	<b>,577</b>				,232			
11. Como cabeza de familia, o home debe ter máis responsabilidade nas decisións económicas importantes que a muller	,542	<b>,570</b>	,313	,221					
9. As mulleres deberían asumir un papel pasivo na parella	,462	<b>,555</b>					,229		-,252
21. O liderado político e moral dunha comunidade debería recaer nos homes	,506	<b>,553</b>			,250	,268			
16. É a propiada a división do traballo en "traballos de homes" e "traballos de mulleres"	,448	<b>,530</b>							,298
2. Ás mulleres ofrécense moitas oportunidades para promocionar, senón as utilizan é o seu problema	,318	<b>,454</b>			,249				
32. O traballo das mulleres e dos homes debería ser fundamentalmente diferente	,518	<b>,441</b>			,301	<b>,400</b>			
25. Unha muller só debería traballar fora da casa senón interfere coas súas obrigacións domésticas	,388	<b>,383</b>			,331		,267		
36. En xeral, os homes son máis egoístas que as mulleres	,636		<b>,764</b>						
27. As mulleres son máis amables que os homes	,583		<b>,734</b>						
35. En xeral, as mulleres son mellores que os homes	,599		<b>,718</b>						
28. Hoxe en día, as mulleres teñen forza creativa e os homes forza destructiva	,491		<b>,680</b>						
30. As mulleres son máis serviciais que os homes	,498		<b>,659</b>						
20. Comparados coas mulleres, os homes teñen moitas calidades indesexables	,474	,233	<b>,488</b>				-,224	,233	
33. Comparadas cos homes, as mulleres son máis capaces de dedicarse completamente a outras persoas	,335		<b>,464</b>				,208		
23. En xeral, os homes son máis arrogantes que as mulleres	,470		<b>,458</b>				-,281	,350	
24. Os homes son máis independentes que as mulleres	,532			<b>,696</b>					
18. Xeralmente, os homes son máis aventureiros que as mulleres	,541			<b>,683</b>					
40. Comparadas cos homes, as mulleres tenden a ser máis débiles	,476			<b>,628</b>					
7. Hai algunhas profesións e negocios que son máis adecuados para os homes que para as mulleres	,531	,358		<b>,610</b>					
31. Comparadas cos homes, as mulleres tenden a ser máis crédulas	,556			<b>,548</b>		,281	-,229	,291	
10. Os homes son máis competitivos que as mulleres	,402	,284		<b>,517</b>					
14. Os homes están máis seguros do que poden facer as mulleres	,450	<b>,433</b>		<b>,437</b>					
26. As mulleres deberían deixar que os homes tomen a iniciativa nunha relación	,622				<b>,710</b>	,220			
19. O home debería ser sempre o que tome a iniciativa nunha relación	,611	,203			<b>,705</b>				
1. A iniciativa para saír debe tomala o home	,514	,204		,277	<b>,488</b>		-,235		-,255
39. Na parella, o home debería tomar a iniciativa nas decisións	,539	,241		,469	<b>,469</b>	,413			
15. A responsabilidade principal do home debería ser o sustento da familia	,461	,369		,251	<b>,448</b>				
29. As mulleres deberían ser as responsables principais do coidado da casa e das fillas/os	,580	,392		,287	<b>,438</b>	,254			,229
12. Todas as profesións deberían ser igualmente accesibles para os homes que as mulleres	,531					<b>,691</b>			
37. Os coidados das fillas e fillos deberían ser igualmente compartidos pola parella	,494	,205				<b>,632</b>			
17. Votaría a unha muller cualificada politicamente para presidenta da Xunta	,497	,273				<b>,583</b>		-,236	
38. As mulleres deberían ser excluídas de moitos traballos polas esixencias físicas	,350	,246		,238	,230	<b>,385</b>			
13. Non é respectable o home que decide quedar na casa e coidar as fillas e fillos mentres a súa parella vai traballar	,511	,220					<b>,640</b>		
34. A maior parte das mulleres son culpables de non ter mellor vida	,472			,236			<b>,466</b>	,346	
22. A mellor forma de controlar o problema da discriminación é que a muller se asegure a mellor preparación para o que que facer	,606					-,213		<b>,720</b>	
3. Os centros para o coidado infantil deberían ser prioridade para políticos e lexisladores	,548								<b>,720</b>

Debido á baixa capacidade explicativa e baixa coherencia teórica dos catro últimos factores non foron considerados nas análises posteriores.

Ao factor 1, cunha capacidade explicativa do 11,6% (ver táboa 2) denominouse *liderado político e roles de traballo* en canto que as variables que o integran fan referencia á división do traballo e á representación en cargos políticos. Neste sentido, puntuacións altas neste factor reflicten un núcleo de valores tradicionais relacionados con: a/ o traballo: radicalízase a división do traballo en función do sexo, dáse prioridade ao traballo da muller na

casa, culpabilízase á muller de non lograr a súa promoción o relégase a expensas do home, e responsabilízase ao home das decisións económicas; e, b/ o liderado político e moral, facendo recaer este no home, aducíndose razóns non especificadas ou á emotividade da muller para excluíra de cargos políticos; é dicir, trataríase dunha actitude baseada na aceptación de que a muller debe estar destinada ao mundo privado, o home ao público, a muller reproducindo o modo de vida e o home producíndoo, a muller como un suxeito pasivo e o home instalado na actividade productiva. A Fiabilidade desta subescala, medida polo  $\alpha$  de Cronbach foi de ,8513 (ver táboa 4)

**Táboa 4. Fiabilidade do Factor I (Coeficiente Alpha de Cronbach de Consistencia Interna)**

Factor I. Liderado político y roles de trabajo	Correlacións Item-Escala	Alpha se o ítem se elimina
2. Moitas oportunidades de promoción ás mulleres	,3870	,8517
4. Promocionar antes aos homes en moitos traballos	,5317	,8394
5. A prioridade da muller debe ser o coidado da casa e fillos/as	,5959	,8341
6. Mulleres demasiado emocionais para gobernar	,5860	,8352
8. Razóns que impiden a unha muller ser Presidenta Xunta	,5973	,8348
9. As mulleres deben asumir papel pasivo na parella	,4780	,8433
11. O home máis responsable das decisións económicas	,6074	,8329
16. É apropiada a división do traballo	,4844	,8429
21. O liderado político e moral debe recaer nos homes	,6025	,8338
25. O traballo fora da casa da muller non debe interferir co da casa	,4625	,8443
32- O traballo de mulleres e homes debe ser diferente	,6025	,8336
<b>N° casos = 740; Alpha = , 8513</b>		

O factor 2, cunha capacidade explicativa do 8,6% e unha Fiabilidade de ,79 (ver táboas 2 e 5) integra 8 ítems que fan referencia a *atributos expresivos comunais e a calidades afectivo-privadas*. Así puntuacións altas neste factor estarían asignando ás mulleres calida-

des tradicionais como a amabilidade, a forza creativa, a bondade, ou a súa maior disposición para axudar ou dedicarse a outras persoas; por outra parte tamén estarían atribuíndo aos homes unha actitude arrogante e egoísta nas súas relacións interpersoais.

**Táboa 5. Fiabilidade do Factor II (Coeeficiente de Apha de Cronbach de Consistencia Interna)**

<b>Factor II. Atributos expresivos comunais e calidades afectivo-privadas</b>	<b>Correlacións Ítem-Escala</b>	<b>Alpha se o Ítem se elimina</b>
20. Os homes teñen moitas calidades indeseables	,4187	,7761
23. Os homes son máis arrogantes	,4043	,7785
27. As mulleres son máis amables que os homes	,6015	,7465
28. As mulleres teñen forza creativa e os homes destructiva	,5351	,7579
30. As mulleres son máis serviciais que os homes	,4937	,7645
33- As mulleres son máis capaces de de dicarse a outras persoas	,3690	,7835
35. As mulleres son mellores que os homes	,5207	,7601
36. Os homes son máis egoístas que as mulleres	,6003	,7463
<b>Nº casos = 766; Alpha = , 7878</b>		

Si puntuacións altas no factor anterior reflectían actitudes estereotipadas en canto a atribuíbles tradicionais fundamentalmente atribuíbles á muller, as puntuacións altas no factor 3 -cunha capacidade explicativa (8,5%) e fiabilidade (,78) aínda que menores, moi similares ao factor previo (ver táboas 2 e 6)-resaltan fundamentalmente *atributos instrumentais e axentes*, calidades tradicionalmente

asignadas aos homes, como a competitividade, a seguridade, o espírito aventureiro, a independencia e a súa maior adecuación para determinadas profesións e negocios. Solo puntuacións altas en dous dos sete ítems que o integran estarían atribuíndo calidades tradicionalmente asignadas ás mulleres como a credulidade e a debilidade

**Táboa 6. Fiabilidade do Factor III (Coeeficiente Apha de Cronbach de Consistencia Interna)**

<b>Factor III. Atributos instrumentais e axentes</b>	<b>Correlacións Ítem-Escala</b>	<b>Alpha se o Ítem se elimina</b>
7. Profesións e negocios máis adecuados para os homes	,5206	,7440
10. Os homes son máis competitivos	,4740	,7537
14. Os homes están máis seguros do que poden facer	,4991	,7485
18. Xeralmente os homes son máis aventureiros	,5614	,7355
24. Os homes son máis independentes	,5271	,7427
31. As mulleres tenden a ser máis crédulas	,4246	,7623
40. As mulleres tenden a ser máis débiles	,4834	,7517
<b>Nº casos = 766; Alpha = , 7764</b>		

Por último, o factor 4 (integrado por 6 ítems e cunha varianza explicada do 6,5% e un a de ,77) (ver táboas 2 e 7) aglutina ítems referidos a quen, home ou muller, debe tomar a iniciativa nunha relación de parella e cal é a responsabilidade principal de ambos na familia; por isto denominouse *iniciativa e responsabilidade nas relacións persoais e*

*familiares*. Así, puntuacións altas neste factor indicarían unha actitude sexista que asume que o home é o que debe tomar a iniciativa na relación coa súa parella e a muller debe deixar que así sexa e, por outro ado, responsabiliza ao home do sustento familiar e á muller do coidado da casa e filas/os

**Táboa 7. Fiabilidade do Factor IV. (Coeficiente Apha de Cronbach de Consistencia Interna)**

<b>Factor IV. Iniciativa e responsabilidade en las relaciones personais e familiares</b>	<b>Correlacións Ítem-Escala</b>	<b>Alpha se o ítem se elimina</b>
1. A iniciativa para saír debe to mala o home	,3933	,7699
15. A responsabilidade do home e o sustento da familia	,4457	,7586
19. O home debe tomar a iniciativa nunha relación	,5991	,7172
26. As mulleres deben deixar ao home a iniciativa nas relacións	,5596	,7280
29. A muller é responsable principal do coidado da casa e fillos/as	,5213	,7370
39. Na parella, o home e o que debe tomar a iniciativa nas decisións	,6091	,7167
<b>Nº casos = 774; Alpha = ,7720</b>		

### **III. ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DOS RESULTADOS**

#### **3.1. PROCEDEMENTO E TÉCNICAS DE ANÁLISE**

Para analizar as actitudes de xénero (XAI) os ítems do cuestionario agrupáronse en función do análise factorial ao que fixemos referencia anteriormente. Obtívose unha puntuación media para cada un dos factores e finalmente esta transformouse nunha puntuación típica ( $x = 50$  e  $Sx = 10$ ).

As técnicas de análise -utilizando o paquete estatístico SPSS/PC 10.0- para avaliar as actitudes de xénero en función de sexo e curso de noso alumnado foron descritivas (táboas de continxencia) e analíticas (MLG univariante). As táboas de continxencia permitíronnos coñecer como se distribuía a mostra, atendendo ás variables sexo e curso, nas alternativas de resposta aos cuestionarios e si as diferencias eran estatisticamente significativas. O procedemento MLG univariante permitiunos coñecer a interacción entre as variables sexo e curso e los efectos das mesmas individualmente sobre as variables dependentes consideradas.

#### **3.2. PRESENTACIÓN DE RESULTADOS**

##### **3.2.1. Liderado Político e Roles de Traballo**

Os resultados da asociación entre os ítems que integran o factor I -*Liderado político e*

*roles de traballo-* e a variable sexo (ver táboa 8) indicánnos que son as mulleres as que están máis en desacordo coas actitudes sexistas baseadas na aceptación da división sexual de tarefas e/o funcións laborais e políticas, en todos los ítems integrados en este factor, con porcentaxes de desacordo que superan o 70%, excepto para o ítem: “ás mulleres ofrécese moitas oportunidades para promocionar, se non as utilizan é o seu problema” cuxo desacordo é do 56%.

Pola súa parte os varóns manifestan tamén desacordo coas actitudes sexistas expresadas nos ítems deste factor pero as súas puntuacións medidas en porcentaxes reflicten un desacordo moito máis tenue que o das súas compañeiras xa que oscilan entre o 32% e o 58% como máximo. A variable sexo preséntase estatisticamente significativa para tódolos ítems incluídos neste factor, o que proba unha distribución diferencial entre as alumnas e alumnos ante as distintas opcións de resposta.

Na táboa 9 na que se presentan as medidas de asociación entre o factor de liderado político e roles de traballo e o curso, pódese observar que é o alumnado de 4º da ESO o que mantén crenzas e concepcións menos sexistas en tódolos ítems avaliados con porcentaxes superiores a 70 na maioría das cuestións.



**Táboa 8. Medidas de asociación entre o Factor 1 de a Escala XAI e o Sexo**

Liderado Político e Roles de Traballo	Sexo	%			X <sup>2</sup>	x
		D	MAD	A		
2. Moitas oportunidades de promoción ás mulleres	M	<b>56,0</b>	29,5	14,5	,000	1,59
	H	32,2	<b>40,1</b>	27,7		<b>1,95</b>
4. Promocionar antes aos homes en moitos traballos	M	<b>75,8</b>	15,4	8,8	,000	1,33
	H	<b>40,5</b>	33,7	25,9		<b>1,85</b>
5. A prioridade da muller debe ser o coidado da casa e fillos/as	M	<b>81,1</b>	11,9	7,1	,000	1,26
	H	<b>52,7</b>	29,6	17,7		<b>1,65</b>
6. Mulleres demasiado emocionais para gobernar	M	<b>89,4</b>	8,1	2,5	,000	1,13
	H	<b>53,5</b>	28,9	17,6		<b>1,64</b>
8. Razóns que impiden a unha muller ser Presidenta Xunta	M	<b>86,1</b>	10,8	3,0	,000	1,17
	H	<b>58,7</b>	28,2	13,1		<b>1,54</b>
9. As mulleres deben asumir papel pasivo na parella	M	<b>70,8</b>	21,8	7,4	,000	1,37
	H	<b>45,3</b>	37,8	16,9		<b>1,72</b>
11. O home máis responsable das decisións económicas	M	<b>77,8</b>	15,7	6,6	,000	1,29
	H	<b>40,1</b>	36,5	23,4		<b>1,83</b>
16. É apropiada a división do traballo	M	<b>74,5</b>	16,3	9,2	,000	1,35
	H	<b>48,1</b>	34,8	17,1		<b>1,69</b>
